

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Arquitectos de Santiago aborda este mes a construción bioclimática con varias sesións de expertos e presentación de produtos

Celebraranse oito relatorios no salón de actos do COAG, comezando este xoves-4 ás 19:00 horas coa intervención da arquitecta Myriam Goluboff

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2010 (Vía Láctea Comunicación).- A **Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)** celebrará durante todo o mes de novembro a **XIII edición das Xornadas de Arquitectura Bioclimática**. A actividade foi presentada hoxe en rolda de prensa polo presidente da delegación, **Jorge Duarte**; o tesoureiro, **Miguel Serrano**; e o coordinador das xornadas, **Federico López Taetzel**. As charlas terán lugar todos os venres, de 19:00 a 21:30 horas, e sábados, de 10:00 a 14:00 horas, no salón de actos do COAG –Casa da Conga–, excepto esta semana, que de forma excepcional e debido á visita do Papa, adiántase ao xoves-4 e venres-5.

No marco destas xornadas, numerosos profesionais e expertos de distintas disciplinas e profesións reflexionarán sobre as posibilidades e solucións bioclimáticas na arquitectura actual. O coordinador das xornadas, o arquitecto Federico López Taetzel, indicou que nesta décimoterceira edición as xornadas terán, por unha parte, un carácter teórico e global, e por outra serán de tipo técnico. “Varios arquitectos explicarán as diversas solucións técnicas que aplicaron nos seus proxectos para resolver problemas arquitectónicos que xorden na actualidade”–indicou.

O coordinador da iniciativa define a arquitectura bioclimática como un intento de incorporar nas vivendas criterios de aproveitamento enerxético a partir do deseño, incorporando nos edificios o equipamento técnico, produto do avance tecnolóxico cando resulte imprescindible. “É preciso introducir como obxectivo o aproveitamento enerxético na edificación e na formación dos arquitectos” –indicou Taetzel.

A temática abordarase desde unha perspectiva local e global, relacionando continuamente os novos procesos arquitectónicos co medio ambiente. Intervirán nos relatorios o xoves-4 a arquitecta **Myriam Goluboff**; o venres-5 **Domingo Brión** e **Inés Rey** da empresa Cortizo e o enxeñeiro **Christoph Kleeberger**; o venres-12 e o sábado-13 o arquitecto **Carlos Expósito** do estudio *Alia Arquitectura*; o venres-19 os enxeñeiros **Ramón Rodríguez** e **Joaquín de Diego** ; o sábado-20 o arquitecto **José Fariña** ; e o venres-26 e sábado-27 os arquitectos **Teresa Batlle** e **Felipe Pich-Aguilera**.

N.B.- Xúntase programa das Xornadas de Arquitectura Bioclimática e fotografía da rolda de prensa

SAÚDOS

Prensa COAG-Santiago

981 55 44 07

www.arquitectosdesantiago.es

www.vialactea.es